

TAREFA 1: "OBXECTIVO PEQUEGRINXS DO Nº1. PRIMEIRO OBXECTIVO: #EXPO-CAMIÑO"

NATURALE  
SOCIAL 



OBXECTIVO PEQUEGRINOS



DO Nº1



"O CAMIÑO DE SANTIAGO"

2022/2023

**MESTRA: JENNY (titora de 3 anos)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL**

**CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil e 1º de primaria**

**CURSO: 2022/2023**



# 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	“OBXECTIVO PEQUEGRINXS DO Nº1. PRIMEIRO OBXECTIVO: #Expo-Camiño”		
<b>ETAPAS:</b>	INFANTIL E PRIMARIA	<b>NIVEIS:</b>	4º, 5º E 6º INFANTIL E 1º PRIMARIA
<b>ÁREAS:</b>	GLOBALIZADO	<b>MESTRAS:</b>	Jenny, Laura, Lucía, Alfonso e Diego.
<b>DESCRIPCIÓN DA TAREFA:</b>			
<p><b>O produto final relevante</b> é a creación da nosa exposición sobre o Camiño de Santiago, a cal será ubicada na porta de entrada e saída dxs ananxs do cole. Unha vez pasen todos os grupos polo ámbito convidaremos ás familias e a outro alumnado do centro a visitala e farán de “guías”.</p>			
<b>XUSTIFICACIÓN:</b>			
<p>Trátase de que o alumnado sexa consciente do <b>patrimonio natural e cultural</b> da nosa cidade: Tui. Para isto, partiremos dunha visita a modo de motivación inicial á oficina de turismo de Tui, onde nos explicarán con detalle como atenden aos peregrinos e peregrinas, que tipo de información comparten con eles, que cousas de interese turístico se poden visitar... Aprenderemos como é o traballo dunha guía turística e despois pasaremos a acción investigando pola nosa cidade símbolos do Camiño. Con isto, buscamos información relevante, faremos distintos xogos e aprenderemos. Trátase de que o alumnado estea implicado e motivado cara o tema a abordar neste ámbito para este curso. Esta tarefa enmárcase no lema de centro “Pensa globalmente, actúa localmente”.</p>			
<b>CONTEXTO:</b>			
Aulas de 4º, 5º, 6º de EI e aula de 1º de primaria.			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/INDICADORES	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<b>1. “Tui, Tui que bonita es!”</b> Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES)	<b>Educación infantil:</b> ▪ CA3.4. Descubrir e recoñecer os elementos mais identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna como da comunidade.	- Escala de valoración  - Rexistro da observación directa
	<b>1º Educación primaria:</b> ▪ CE3.2. Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa coma fonte de aprendizaxe. ▪ CE4.1. Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecendo que é un ben común.	
<b>2. “Valentiño, e ti que sabes do Camiño?” (PRIMEIRO XOVES)</b>	<b>Educación infantil:</b> ▪ CA2.8. Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferencias individuais e evitando todo tipo de discriminación. ▪ CA3.5. Identificar elementos propios del patrimonio cultural de Galicia y algunos de sus personajes más relevantes.	
	<b>1º Educación primaria:</b> ▪ CE3.2. Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa coma fonte de aprendizaxe.	

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CE4.1. Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecendo que é un ben común.</li> </ul>	
<p><b>3. E agora, que sabemos sobre o Camiño? (SEGUNDO MARTES)</b></p>	<p><b>Educación infantil:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA3.4. Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna como da comunidade.</li> <li>▪ CA3.5. Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.</li> </ul> <hr/> <p><b>1º Educación primaria:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CE3.2. Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa coma fonte de aprendizaxe.</li> <li>▪ CE4.1. Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecendo que é un ben común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escala de valoración</li> <li>- Rexistro da observación directa</li> </ul>
<p><b>4. “#EXPO-CAMIÑO” (SEGUNDO XOVES)</b></p>	<p><b>Educación infantil:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.8. Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferencias individuais e evitando todo tipo de discriminación.</li> </ul> <hr/> <p><b>1º Educación primaria:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CE3.2. Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa coma fonte de aprendizaxe.</li> <li>▪ CE4.1. Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecendo que é un ben común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escala de valoración</li> <li>- Rexistro da observación directa</li> </ul>

## CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

### **EDUCACIÓN INFANTIL:**

- Respeto y protección del medio natural. Respeto por el patrimonio cultural presente en el medio físico.
- Reconocimiento de elementos y personajes significativos propios del patrimonio y de la cultura gallega.
- Interés por las manifestaciones culturales del entorno participando de ellas.
- Estrategias para desarrollar la seguridad en sí mismo, el reconocimiento de sus posibilidades y la asertividad respetuosa hacia los demás.

### **EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)				
ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1. “Tui, Tui que bonitas!” Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES)</p>	<p>1.1. “Sorpresa! Que hai nesta caixa?”. Chegará unha caixiña misteriosa á aula na que atoparemos diferentes símbolos relacionados co Camiño de Santiago e unha carta dun personaxe misterioso: Valentiño. En gran grupo descubrimos o que hai na caixa e comezamos a indagar. Cal é o noso obxectivo? Que é o que temos que investigar?</p>	<p>1.2. CÍRCULO. “Que sabemos sobre o Camiño de Santiago?”. Daremos resposta a esta cuestión en gran grupo e a mestra tomará nota de todas as ideas nun mapa mental (SOPORTE 1).</p>	<p>1.3. BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN. VISITA Á OFICINA DE TURISMO. Saimos á oficina de Turismo de Tui na procura de información acerca da nosa futura investigación. Recollemos folletos informativos. De camiño de volta ao cole, pararemos nalgún albergue para recoller algún outro folleto e facer algunha foto de símbolos do camiño que atopemos para despois incluílas na exposición.</p>	
<p>2. “Valentiño, e ti que sabes do Camiño?” (PRIMEIRO XOVES)</p>	<p>2.1. Lectura do conto “Bo Camiño, Valentiño!”. Lectura en gran grupo do conto. <a href="https://facemosocamiño.wixsite.com/facemosocamiño">https://facemosocamiño.wixsite.com/facemosocamiño</a></p>	<p>2.2. “Valentiño, que é preciso ter para facer o Camiño?”. Despois da lectura, facemos algunha pregunta en gran grupo para recapitular información acerca do que pensan que se precisa para</p>	<p>2.3. Os xogos do Camiño. Para continuar investigando repartimos ao alumnado por equipos cooperativos en diferentes propostas de xogo que haberá pola aula:</p>	<p>2.4. CÍRCULO FINAL. Cando rematemos de pasar por todos os xogos voltaremos ao gran grupo para recapitular a información que poidamos.</p>



		<p>facen o Camiño. Ademais, visualizamos as fotos que fixemos o outro día e compartimos algunha outra información que nos deran na visita.</p>	<p><b>ESTACIÓN 1: A MOCHILA.</b> Terán unha mochila e diferentes obxectos sobre unha mesa, deberán comprobar cales son precisos para facer o Camiño e cales non o son. Terán unha lista (<b>SOPORTE 2</b>) para ir tachando as cousas que xa meteron.</p> <p><b>ESTACIÓN DE XOGO 2: SÍMBOLOS DO CAMIÑO.</b> O alumnado disporá de <b>policubos (SOPORTE 3)</b> de diferentes cores e deberá construír de maneira autónoma os diferentes símbolos ubicando as cores onde correspondan.</p> <p><a href="https://drive.google.com/file/d/1Wy2aQs9hyYFX5RD1WuqvY5D0lpIUb7J2/view?usp=sharing">https://drive.google.com/file/d/1Wy2aQs9hyYFX5RD1WuqvY5D0lpIUb7J2/view?usp=sharing</a></p> <p><b>ESTACIÓN 3: VALENTIÑO, TI ES UN ROBOT?</b> Coa axuda da beebot xogaremos nun panel a investigar curiosidades sobre</p>	
--	--	--	---	--

			<p>símbolos característicos do camiño e sobre as cousas que atopamos na caixiña que apareceu na clase o primeiro día. <i>(será guiada pola mestra)</i></p> <p><b>ESTACIÓN 4: FACENDO CAMIÑOS.</b> Cun papel continuo ubicaremos diferentes paradas do camiño portugués en formato de fotografía e a Catedral de Santiago como meta final. O alumnado deberá ir trazando diferentes camiños con cores para chegar ata o destino.</p> <p><b>ESTACIÓN 5:QUEBRACABEZAS.</b> Proporcionaremos dúas imaxes en anacos ao alumnado que terán que xuntar e indagar sobre outros símbolos do Camiño que se atopan na nosa cidade. <b>SOPORTE 3</b></p>	
<p><b>3. E agora, que sabemos sobre o Camiño? (SEGUNDO MARTES)</b></p>	<p><b>3.1. CÍRCULO.</b> “E agora, que sabemos sobre o Camiño?” Poñemos en común as ideas e</p>	<p><b>3.2. Obradoiro: Somos artesáns.</b> Dada a importancia da artesanía galega no</p>	<p><b>3.2. Compartimos as nosas impresións</b> en gran grupo e valoramos as diferentes formas</p>	



	<p>a mestra toma nota de novo nun Bubble map.</p>	<p>patrimonio cultural relacionado co Camiño de Santiago elaborarán diferentes figuras con pasta de modelar para a exposición.</p>	<p>de expresión artísticas dos demais compañeiros e compañeiras. Os equipos presentarán aos demais as súas figuras e obras de arte.</p>	
<p><b>4. "#EXPO-CAMIÑO" (SEGUNDO XOVES)</b></p>	<p><b>4.1. "Camiño e natureza".</b> Investigamos sobre plantas e árbores <b>SOPORTES</b> que se poden atopar en Tui e ao longo do Camiño De Santiago. Proporcionamos apoios visuais con fotografías e aportamos elementos naturais para que o alumnado poida observar e tocar. Aludimos a importancia de manter os nosos bosques e cidade limpos como fai Valentiño no conto.</p>	<p><b>4.2. Preparación da nosa exposición "EXPO-CAMIÑO".</b> Rematamos as nosas obras de arte e podemos pintalas coas cores que consideremos. Despois, por orde, segundo os equipos base están configurados, iremos a producir na parte adicada á exposición e trataremos de recordar as cousas que elaboramos e o seu significado para que cando veñan visitantes esteamos</p>	<p><b>4.3. CÍRCULO FINAL.</b> Compartimos as experiencias en gran grupo e pensamos no que nos gustaría volver a facer e no que non nos gustaría volver a facer das cousas que levamos a cabo durante estes días.</p>	

		preparados e preparadas para explicar. SOPORTES FLORA E FAUNA DE TUI.		
--	--	---	--	--

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. “Tui, Tui que bonita es!” Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES)	-Oficina Turismo Tui -Aula de 3 anos	Gran grupo	Bubble map, panel SCRUM, pantalla e proxector, caixiña sorpresa e cámara de fotos.	Martes 9:30-10:50
2. “Valentiño, e ti que sabes do Camiño?” (PRIMEIRO XOVES)	-Aula de 3 anos	Gran grupo Pequeno grupo	Conto Valentiño, panel SCRUM, policubos, imaxes plastificadas para o quebracabezas, mochila e elementos do camiño, cunchas e compás, bastóns, robot ratón code, panel robot, papel continuo, cores, fotografías da saída impresas.	Xoves 9:30-10:50
3. E agora, que sabemos sobre o Camiño? (SEGUNDO MARTES)	-Aula de 3 anos	Gran grupo Pequeno grupo	Pasta de modelar, panel SCRUM, presentación en video sobre Artesanía galega, soportes visuais de exemplos, coitelos para modelar as figuras, pantalla e proxector.	Martes 9:30-10:50
4. “#EXPO-CAMIÑO” (SEGUNDO XOVES)	- Aula de 3 anos -Corredor ao lado da porta da entrada de infantil e 1º	Gran grupo Pequeno grupo	Témperas líquidas, panel SCRUM, pinceis.	Xoves 9:30-10:50

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Escala de valoración</b></li> <li>- <b>Rexistro da observación directa</b></li> </ul>	<p><b>Como?:</b> mediante a observación directa e sistemática</p> <p><b>Quen?:</b> a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p><b>Cando?:</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Ficha de recollida de información:</b>  <a href="https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&amp;oid=114554059693774750759&amp;rtpof=true&amp;sd=true">https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&amp;oid=114554059693774750759&amp;rtpof=true&amp;sd=true</a> </li> </ul>	<p><b>Como?:</b> cumprimentando a ficha.</p> <p><b>Quen?:</b> a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p><b>Cando?:</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>